

MELIDE

O Concello terá que devolver 124.000 euros ó executivo central P7

COMARCA

A Banda-Escola de Visantoña busca apoio económico “estable” P12

LECER

Agardan a participación de 60 pilotos no rali de históricos P15

ENTREVISTA



Agustín Góngora, Sanoguera

“Los reportajes son sagrados, por eso no los subcontrato” P22

Xunta e Fomento acordan cambiar o trazado da autovía



A Consellería de Medio Rural maillo Ministerio de Fomento pactaron un cambio de trazado da autovía A-54 ao seu paso polo LIC da Serra do Careón, o que podería acarrear novos retrasos. A consellería dou o

visto bo ó proxecto, que despraza uns 150 metros ó norte a calzada, respecto ó aprobado provisionalmente por Fomento. Agora corresponde ó Ministerio de Medio Ambiente a declaración ambiental. P7

O San Caralampio poñerá o broche de ouro ó verán



Como é de costume, centos de persoas saíran ás rúas de Melide o próximo 12 de setembro para honrar ó santo máis gamberro da vila. P13 e 14

Retiran unha tonelada de lixo do Furelos e afluentes



Membros da asociación ‘Río Furelos’ e varios voluntarios participan limpan os cauces da zona no marco das sextas xornadas de limpeza. P8

Editorial

A folga xeral chega tarde

Para o próximo 29 de setembro os sindicatos UGT e CC.OO. teñen convocada unha folga xeral. Despois de oito anos o país paralizárase, ou esa é a intención dos convocantes.

En Asetem-Cca non queremos ocultar que nos preocupan as consecuencias que pode traer o proxecto económico do Goberno central á vista das desacertadas decisións que leva tomado nos últimos tempos e que afectan seriamente á maltreita economía da maioría dos habitantes do país.

Primeiro foi a suba do IVE, que repercutiu na suba do custo dalgúns produtos e, na maioría dos casos, afectou ós pequenos empresarios que se adican ao comercio polo miúdo. Tal e como está a situación económica, moitos non poden permitirse subir os prezos, pero si teñen que soportar unha suba do custo das materias que aplicaron os comerciantes ó por maior. Unha decisión que afecta finalmente ós petos de todos na medida en que somos consumidores.

Logo chegou o anuncio de recortes. Conxélanse as pensións, anúlase o cheque bebé e a devolución de 400 euros ós contribuíntes e redúceselle o soldo ós funcionarios. Novas medidas que, a todas luces repercutirán negativamente no futuro da economía estatal.

Chegan tamén os recortes en infraestruturas públicas e unha reforma laboral que non satisfai nin a empresarios nin a traballadores e agora sabemos da inten-



ción do Goberno central de modificar o sistema de pensións. A intención é aumentar o número de anos de cotización, co que se reducirá a cuantía media da pensión, e ampliar a idade da xubilación ata os 67 anos.

Por se fora pouco, prevense subas do gas e a luz para este outono, algo do que non poderá escapar ningún cidadán.

Fixéronnos crer que a crise tiña a súa orixe no comportamento dos cidadáns de a pé, porque viviamos por riba das nosas posibilidades. E é certo que había xente que así o facía, pero non todos. A maioría da poboación -traballadores, autónomos, comerciantes, pequenos e medianos empresarios, pensionistas, agricultores e gan-

deiros...- vivimos todos estes anos por debaixo dos niveis que o desenvolvemento e a xeración de riqueza no noso país o permitían. Porque este sistema no que estamos integrados beneficia ós que máis teñen e castiga á parte máis débil.

E agora, mentres nós somos os que sufrimos tódolos recortes, son as grandes corporacións as que seguen obtendo beneficios sen que revirtan na sociedade na que participan, creando riqueza.

A sociedade non pode permanecer queda fronte esta situación, é preciso reaccionar. Pero quizais a folga xeral xa chega tarde. Consecuencia dun sistema no que os sindicatos non poden morder a man que lle dá de comer.

Tribuna de opinión

Avanzar

Xunta Directiva de ASETEM-CCA



Hai uns días coñeciamos que a Consellería de Medio Rural daba luz verde ó trazado do tramo Arzúa-Palas de Rei da autovía A-54 (Santiago-Lugo). Medio Rural desvelaba cambios no trazado que o Ministerio de Fomento aprobara provisionalmente no 2009. Proxéctanse tres viadutos e, o máis importante, un desvío da calzada uns 150 metros cara ó norte do trazado que estaba aprobado. Este feito fará que haxa que volver comezar o proceso e tramitar o estudo informativo do tramo, o que acabará retrasando a chegada da autovía a Melide.

Os cambios foron pactados pola consellería e o ministerio de Fomento, segundo indicaron dende a Xunta. Probablemente o ministerio tivera que ceder nalgúnhas cuestións para conseguir o visto bo da consellería de Medio Rural, que se desentende oficialmente das consecuencias

que poida traer a súa decisión nos prazos previstos, "rexeitando calquera responsabilidade" neste sentido.

Todo fai pensar que é unha cuestión política a que está detrás da falta de avances na autovía ó seu paso por Melide. E, mentres tanto, os melidenses seguiremos á espera de que as administracións sexan dunha vez por todas conscientes da importancia que esta infraestrutura ten para a nosa zona e axilicen os trámites e xestións pertinentes para poñer en marcha a súa construción, agora que sabemos que a A-54 se libra dos recortes nos presupostos.

É a nosa vontade a de obter a máis precisa e cumprida información por parte das administracións implicadas, así como de manter a presión que anos atrás facían a maioría de cidadáns de Melide, para que dunha vez por todas se avance o máximo posible na construción da vía.

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com

Publicación mensual de distribución gratuíta

DIRECCIÓN E REDACCIÓN: Tamara Navaza Sa

EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide (ASETEM-CCA)

ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 2, Melide (A Coruña)

Telf. e Fax: 981506188 E-mail: info@asetem.com

COLABORACIÓNS: Santiago Prado Conde, Xosé Núñez López, Asociación de Troiteiros 'Río Furelos'

AGRADECIMENTOS: M^a Pilar López, Imprenta Meligraf

IMPRESIÓN: Norprensa S.A.

DEPÓSITO LEGAL: LU-456-05

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

-EDITORIAL.....	2
-EMPRESA.....	3
-MELIDE.....	8
-COMARCA.....	11
-CULTURA E LECER.....	13
-COLABORACIÓNS.....	19
-AXENDA.....	21
-ENTREVISTA.....	22
-AS NOSAS PAISAXES.....	23

Descontento no comercio polos “frouxos” resultados do Mercamelide de verán

Quéixanse da data e ven idóneo trasladalo a setembro



Os postos de téxtil e calzado foron os máis visitados

Os comerciantes que participaron na sexta edición do Mercamelide, celebrada o 7 e 8 de agosto, amosaron o seu descontento pola baixa afluencia de público e os “froxos” resultados que obtiveron na feira de oportunidades. Achan a causa desta situación á data, xa que din non era a “máis axeitada” para facer un evento deste tipo. “Agosto non é o mes máis indicado, porque aínda que hai moita xente de fóra, durante as fins de semana hai moitas festas”, indica Mónica Segade, propietaria de M&M Moda. Pero foron os propios comerciantes os que escolleron a data nas reunións celebradas co responsable de Promoción Económica, Antonio Díaz.

Outro factor que baixo o

punto de vista dos comerciantes non axudou a que a afluencia fora maior foi o bo tempo. “A xente aproveita para ir á praia”, razona Mónica Segade.

Coma no seu caso, entre as preto de 30 casas comerciais participantes, houbo outros establecementos que acudiron por primeira vez á cita, pero non foi o que agardaban.

Comezos de setembro

Mentres hai quen parece estar conforme en facer a feira de saldos tanto antes como despois do San Roque, a maioría de comerciantes consultados amósanse partidarios de trasladar a celebración do Mercamelide ó mes de setembro. “Para o meu negocio sería máis favorable facelo a comezos de setembro”, indica María

Casal, responsable da Casa das Luces. Ademais asegura que “os clientes que compran son os da zona, os habituais, non os que están de vacacións”.

Da mesma opinión é María Sánchez, propietaria da mercería Marvi. “No verán teño menos mercadoría para levar. Preferiría que fora en setembro, agora que xa experimentamos con datas”, asegura.

Boas ofertas

Ó igual que nas anteriores ocasións, as ofertas que podían atopar os asistentes á feira eran cuantiosas. Dende todo tipo de prendas de vestir con promocións de 2x1 ou a prezos moi rebaixados, a calzado para cativos e maiores, complementos variados ou téxtil de fogar.

Asetem convocará ó sector inmobiliario a finais de mes

A Asociación de Empresarios Terra de Melide (Asetem-Cca) reunírase cos asociados do ramo da construción e promoción inmobiliaria o próximo 23 de setembro, para abordar a celebración dunha feira inmobiliaria en Melide.

A asociación anima a todos os socios a participar no encontro, que se celebrará na sede do colectivo, para que propoñan as súas ideas e iniciativas de cara a esta actuación, que de celebrarse finalmente, sería a primeira destas características en toda a comarca e concellos limítrofes. O obxectivo é que a feira funcione a modo de elemento dinamizador no sector da construción, que é un dos máis afectados pola crise económica, ó ser un escaparate dos produtos e servizos que ofrecen as firmas que participen no evento.

Asetem-Cca xa lle trasladou esta idea ós seus asociados nunha reunión celebrada o pasado 22 de xullo. Os directivos expuxeron o proxecto co fin de darlle forma e saber da opinión dos interesados. No encontro abóndase a organización do evento, que pretende amosar a un público numeroso o que ofrece cada empresa; e das datas para a súa celebración. Os asistentes consideraron que a mellor opción sería celebralo no verán de 2011 -posiblemente en agosto-, aproveitando a presenza dos numerosos veraneantes que cada ano se achegan á vila por estas datas.

Dende Asetem-Cca recalcan que a participación na feira non estará pechada ó ámbito local, senón que no evento poderían participar empresas que traballen na comarca e nos concellos próximos.

A patronal reunírase con Medio Rural para valorar as medidas sobre a autovía

Membros da Xunta Directiva de Asetem-Cca reuníranse a mediados de setembro co subdirector xeral de Espazos Naturais e Biodiversidade, dependente da Consellería de Medio Rural, Rogelio Fernández Díaz, coa finalidade de recabar información de primeira man sobre as medidas tomadas pola Xunta para o tramo Arzúa-Palas de Rei da autovía A-54 que unirá Santiago coa cidade de Lugo.

Recentemente o departamento da Xunta dou o visto bo

ó trazado aprobado provisionalmente por Fomento, aínda que se introduciron varios cambios no trazado.

Asetem-Cca agarda coñecer con detalle o trazado, así como as modificacións ao seu paso polo LIC Serra do Careón.

Ademais, a patronal quere amosar ó alto cargo da Xunta a preocupación do empresario e veciños locais ante a falta de avances na infraestrutura, posto que “é vital para o desenvolvemento da economía da comarca”.



Florentino L. Cuevillas, 4 - 15800 MELIDE (A Coruña)
Tfnos: 881957087 - 698163867



Ronda de A Coruña, 58
15800 MELIDE (A Coruña)
Tfno.: 981 94 24 15

**O´Divine
New-Caro
Magui
Tope 46
Demarcha**

Asetem dá un novo impulso ó xornal comarcal Cerne

Fomentará o seu reparto para aumentar a visibilidade

Dentro das actuacións que desenvolve Asetem-Cca anualmente enmárcase a mellora da publicación informativa que edita dende hai máis de cinco anos, o xornal Cerne.

Despois de ter mellorado o seu deseño e focalizado os seus contidos na actividade da asociación e no que acontece na comarca, o colectivo dirixe o futuro da publicación cara á mellora do seu reparto para conseguir unha maior difusión do xornal.

A asociación traballa nestes intres para que o periódico chegue a concellos limítrofes como poden ser o de Palas de Rei, Boimorto, Curtis ou Ago-



Stand de Cerne en Mercamelide

lada. Non obstante, e como se viña facendo ata agora, o xornal seguirase repartindo nos núcleos urbanos e aldeas de Melide, Santiso, Sobrado e Toques. Ademais, a directiva de Asetem-Cca pretende reforzar a chegada do periódico a máis poboación, sobre todo á que vive no rural. Por iso, unha das primeiras actuacións foi au-

mentar a tirada. No mes de agosto, o xornal aumentou a súa tirada a 3.000 exemplares para ser distribuído en tódolos eventos e celebracións da comarca nas que se concentrou numeroso público. Así, distribuíuse nas festas do San Roque de Melide e contou cun stand propio na feira de oportu-

ANÚNCIATE NO CERNE

O xornal da Terra de Melide

663687322
981506188

info@asetem.com

O teu comercio, o teu xornal

Cupón nº 7

Setembro 2010

Organiza:

Colabora:

O teu comercio, o teu xornal

Organiza:

Colabora:

Javier López López - Perito Agrícola

Servicios de la Oficina:

- MEDICIÓN DE TERRENOS
- DESLINDES Y AMOJONAMIENTOS
- INFORMES PERICIALES
- PROYECTOS AGRÍCOLAS
- PARTICIÓN DE HERENCIAS (partixas)
- VALORACIONES - CATASTRO
- CONCENTRACIÓN PARCELARIA
- CONCESIÓN DE AGUAS (pozos, traídas vecinales, etc).

Tfno. y Fax: 981 50 54 82 - Tfno. móvil: 639 82 00 24 - Correo electrónico: ingtec@teleline.es
Rúa Xosé Ramón Fdez. Castro, 6 - 15.800 MELIDE (A Coruña)

Asociación de Empresarios Terra de Melide Centro Comercial Aberto



...a peza que precisa a súa empresa

**laboral
contable
fiscal
sucesións
tráfico
seguros**

Solicite presuposto sen compromiso !!

R/ Florentino L. Cuevillas, 2 Baixo
15800 MELIDE A Coruña info@ccxestion.com
Tf: 881 973307 Fax: 881 975314 www.ccxestion.com

Axudas e subvencións

1.Subvencións ás persoas titulares e ás inquilinas das vivendas arrendadas no marco do PROGRAMA ALUGA, no exercicio 2010.

(DOG nº 134, do 15 de xullo)
Obxecto: Fomentar o aluguer de titularidade privada en Galicia e facilitar o acceso ós sectores de poboación con menor nivel de ingresos, mediante a creación dunha bolsa de aluguer.

Requisitos das vivendas, entre outros:

- Titularidade privada, desocupadas e postas a disposición do IGVS por 5 anos.
 - Superficie útil entre 40 e 140 m².
 - Alta nos suministros básicos.
 - Como mínimo con auga quente e cociña amoblada e con electrodomésticos básicos.
 - Renda taxada polo IGVS, cuns límites máximos en función da ubicación da vivenda.
- Prazo de incorporación de vivendas: Do 1 ó 15 de cada mes, dende xaneiro a novembro de cada ano.

Requisitos dos demandantes de aluguer, entre outros:

- Residir e traballar en Galicia.
- Non ser titular doutra vivenda.
- Que a vivenda alugada sexa a súa residencia habitual e permanente.
- Unidades familiares ou de convivencia, con ingresos anuais ponderados inferiores a 3,5 veces IPREM.

Liñas de axuda:

- Para os titulares das vivendas:
 - a) Subvención para reformas necesarias para o aluguer. Ata o 75% da reforma, máximos 3.000€ / 5.000€
 - b) Subvención para gastos derivados do aluguer. Ata 50% do último recibo do IBI, máximo 100 €.
- Para inquilinos:
 - Subvención parcial da renda: Pode acadar entre o 30% e o 70%, en función dos ingresos da unidade familiar ou de convivencia; como mínimo a renda anual que debe aboar o inquilino será do 20% dos ingresos anuais ponderados da unidade familiar. Tope máximo de renda, variable segundo o nivel de ingresos.
 - Prazo de presentación de axudas para inquilinos: Antes do día 10 do mes da data de efectos do contrato de aluguer formalizado ao abeiro do Programa Aluga.
 - Beneficios para a parte arrendadora:

- Renda garantida durante os períodos de desocupación (ata 4 meses) ou falta de pago (ata 12 meses)
- Administración e xestión de pago e cobro da renda
- Asesoramento e mediación en conflitos
- Seguro multirisco.

2.Subvencións a proxectos de aforro e eficiencia enerxética correspondentes ó exercicio 2010.

(DOG nº 143, do 28 de Xullo de 2010)

Actuacións subvencionables:

- 1.-Industria (auditorías e proxectos de aforro e eficiencia enerxética)
 - 2.-Transporte (estudos integrais e viabilidade de mobilidade urbana sustentable, plans de transporte e xestión de frota de transporte por estrada)
 - 3.-Edificación (rehabilitación da envolvente térmica dos edificios, mellora da eficiencia enerxética de instalacións térmicas, construción de novos edificios con alta cualificación enerxética, auditoría enerxética nos edificios residenciais e de servizos, instalación de bombas de calor xeotérmicas)
 - 4.-Servizos públicos (renovación da iluminación exterior, auditorías da iluminación pública)
 - 5.-Transformación da enerxía (auditorías enerxéticas e estudos de viabilidade en coxeracións)
 - 6.- Agricultura e pesca (proxectos de aforro e eficiencia enerxética, proxectos de mellora e auditorías)
- Beneficiarios: Empresas, Autónomos, Administracións Públicas, Entidades sen ánimo de lucro e Particulares.
- Prazo: Ata o 30 de Setembro de 2010

4.Subvencións a proxectos de enerxías renovables correspondentes ó exercicio 2010.

(DOG nº 133, do 14 de xullo de 2010)
Beneficiarios: Persoas físicas ou xurídicas; agrupacións de persoas físicas ou xurídicas públicas ou privadas; fundacións, asociacións e comunidades con personalidade xurídica e sen ánimo de lucro.

Prazo: Ata o 20 de Setembro de 2010.

Actuacións subvencionables: Paneis solares ou tubos de baleiro; Paneis fotovoltaicos; Enerxía solar fotovoltaica conectada á rede eléctrica; Biomasa; Biogás / gasificación; Outras enerxías renovables

Reseña fiscal e laboral

•Deduccións por obras de mellora na vivenda habitual para os exercicios 2010, 2011 e 2012.

Os contribuintes con base imponible inferior a 53.007,20€ anuales poderá obter a una dedución polas cantidades satisfeitas dende o 14 de Abril do 2010 ó 31 de Decembro do 2012 polas obras de mellora feitas na vivenda habitual.

As obras que permiten beneficiarse de dita dedución son as seguintes:

- Obras para mellorar a eficiencia enerxética, a hixiene, salud e protección do medio ambiente nos edificios, e a utilización de enerxías renovables.
- Melloras da seguridade e estanqueidade dos edificios, en particular, a substitución das instalación de electricidade, auga, gas e outros suministros.
- Obras para favorecer a accesibilidade ó edificio.
- Obras de instalación de infraestructuras de telecomunicacións que permitan o acceso a internet e á televisión dixital.

Non darán dereito á dedución cambios de mobles, revestimento de armarios, pintar, ou poner portas interiores, se non están relacionados coas obras anteriormente citadas.

En ningún caso darán dereito á dedución as obras realizadas en garaxes, xardíns, parques, piscinas,...

O importe da dedución é do 10% das cantidades satisfeitas e pagadas mediante operacións bancarias. Non é posible aplicar a dedución se os pagos se fan en metálico.

•Notas sobre a PROTECCIÓN POR CESE DE ACTIVIDADE DOS TRABALLADORES AUTÓNOMOS (BOE 190, de 6 de Agosto de 2010)

ÁMBITO DA PROTECCIÓN: Cese total da actividade económica (con carácter definitivo ou temporal) dos traballadores autónomos do Réxime Especial de Traballadores Autónomos (RETA), Sistema Especial de Traballadores por Conta Propia Agrarios (SETA) e Réxime Especial de Traballadores do Mar.

TIPO DE COTIZACIÓN PARA CESE DA ACTIVIDADE: 2,2% sobre a base de cotización.

PRESTACIÓNS:

a) Abono da cotización da Seg. Social do traballador autónomo, por continxencias comúns, ó réxime correspondente.

b) Prestación económica:

Requisitos: Estar de Alta e ter cubertas as continxencias profesionais (accidente de traballo); Período mínimo de cotización de 12 meses continuados e anteriores á solicitude e ata 48 meses; Estar en Situación Legal de Cese da Actividade; Non ter cumprido a idade ordinaria para acceder á xubilación; e Estar ó corrente do pago das cotizacións á Seguridade Social.

Duración: Entre 2 e 12 meses, dependendo do período de cotización acreditado. Para maiores de 60 anos a duración máxima de 12 meses obterase con 43 meses cotizados.

Contía: Como regra xeral, o 70% do promedio das bases de cotización dos 12 meses continuados anteriores a situación legal de cese, durante todo o período de disfrute. Establécense unhas contías máximas e mínimas aplicables según o número de fillos a cargo do solicitante.

Entrada en vigor: 3 meses dende a publicación.

•MODIFICACIÓN DO CONCEPTO DE RESIDENCIA A EFECTOS DO IMPOSTO DE SUCESIÓNS E DOACIÓNS.

Considérase que as persoas físicas son residentes nunha Comunidade Autónoma cando permanezcan no seu territorio maior número de días do período dos cinco anos inmediatos anteriores, contados de fecha a fecha, que finalice o día anterior do devengo.

DIRECTORIO DE EMPRESA E COMERCIO

ASESORÍAS

CC Xestión

Florentino Cuevillas, 2
881973307
Seguros Bilbao
Rda. de Pontevedra, 113
678055942

BANCA

Banesto

Rda. da Coruña, 16
981507978

Caixanova

Alexandre Bóveda, 7
981507300

CANTEIRAS

Canteras Rechinol

Arenal, 64 entrp. Izq,
Lalín

981505504

Canteras Prebetong

Brasil, 56, Vigo
981505576

CARPINTERÍA

Blangar

Ctra. Lugo km 46,
Melide

981505418

Carpintería**José Vilela**

Lg. de Piñor, 14
667435808

Carpintería Laya

Rua Palas de Rei, 8
981505283

Eypar, S.A.

Madanela
981507203

Maderas**Ovidio Leiva**

Belmil, Santiso
608587447

COMERCIO

Aceiteiro

Rda. da Coruña, 34
981505013

Andón Zapatería

Galicia, 26
981507896

Área de Servicio**O Rañao**

O Rañao s/n, Melide
981506473

Autorecambios**Ángel**

Avda. de Lugo, 4
981505251

Bensar

Novoa Santos, 10
981506165

Bodejas Mejuto

Rda. de Pontevedra, 74
981505004

Calitex

Galicia, 4
981505104

Carnicería Mella

Progreso, 16
981507556

Carnicería Penas

Avda. de Lugo, 35
981505916

Casa Alongos

Avda. de Lugo, 22
981506392

Casa das Luces

Alexandre Bóveda, 11
981505111

Casa Santos

Avda. de Lugo, 8
981505396

Centro Comercial**Ares**

Rda. da Coruña, 27
981505053

Cociñas M. Buján

Avda. de Lugo, 99
981507421

Comercial Pampín

Cantón de S. Roque, 4
981506142

Confecciones**Cardigan**

Convento, 20
981505110

Cristalería González

Agüeiros, 44
981507016

Cubiertas**Hermandos Blanco**

Pol. Ind. A Raña, rúa 7.
O Barco

988335294

Decoré

Rúa do Convento, 1
661779193

Deportes López

Avda da Habana, 5
981505425

Distribuciones**Mella**

Xoán XXIII
981506068

Distribuciones**Pascual**

Avda. Lalín, 24
981506150

Electricidade Vilela

Avda de América, 34
981505900

Electrotel 2000

Florentino Cuevillas, 18
981507171

El Estanco

Progreso, 9
981506096

Escayolas Sito

Rda. Pontevedra, 75
981505951

Espomasa

Ctra. Melide-Toques,
km 8, Toques

981505971

Establecimientos**El Mueble**

Rda. Pontevedra, 2
981505089

Estación de Servicio**Corredoiras**

Corredoiras, 14,
Boimorto

981516004

Eurocadena

Cantón de S. Roque, 9
670292917

Expert-Melide

Rda. da Coruña, 32
981507855

Filgraf Dixital

Florentino Cuevillas, 2
981505277

Floristería Chelo

Alhóndiga, s/n
981505876

Floristería Maru

Convento, 9
981507580

Floristería Tarrío

Amador Rguez, 7
981506164

Froitas León

Progreso, 24
619469453

Frutas Gallego e**Hijos**

Laberco, s/n, Arzúa
981500429

Frutas Nati

Pol. Ind. A Madanela
600448092

Fuciños Rivas

Rda. da Coruña
981505047

Hijos de Casal**Mariño**

E. Álvarez Carballido, 1
981505310

Imaxina

Florentino Cuevillas, 4
881957087

Imprenta Meligraf

Rúa Galicia, 26
981506256

Inpugal

Rda. de Pontevedra, 107
981507647

Iris Melide

Emilia Pardo Bazán, 11
981507806

Jim Sports**Technology**

Madanela S/N
981506434

Joyería Oro Ley

Rúa de San Pedro, 14
981505468

Joyería Silvela

Rda. da Coruña,40
981505997

Lácteos Terra de**Melide**

Orois, Melide
981808009

Larpeiradas

Praza do Instituto,4-3º
981505688

Leiva Motosport

Rda. da Coruña, 52
981507334

Librería Cousas

Avda. da Habana, 29
981505775

Librería Victorio

Taboada Roca, 1
981505055

Mamaeuro

Avda. América, 10
981651744

M&M Moda

Rda. da Coruña, 58
981942415

Marvi

Rúa do Convento, 16
981507194

Melimática

Rosaleda, 6
981507881

Mobles Ares

Rda. da Coruña,62
981505564

Modas El Dándolo

Convento, 15
981506370

Motor Melide

Pol. Ind. A Madanela
981507031

Muebles Paula

Crta. Lugo, km 46,
Melide

981505734

Multiprecio Cousas

Novoa Santos, 25
981507474

Muxica Tenda**Xoven**

Rúa do Convento, 36
981506366

Novavisión Óptica**Arca**

Avda. de Santiago, 42,
Arca do Pino

649836742

O Carrizo

Avda. de Lugo, 83
615360089

Óptica Abal

Rda. da Coruña, 20
981506097

Panadería Tahona

Avda. da Habana, 7
981505127

Panadería e**Pastelería Toques**

Avda. de Lugo, 31
981505181

Per lei

Rúa de San Pedro, 10
981507437

Perfumería Lyss

Rda. da Coruña, 44
981507684

Pescados Abel

Ovedo, 16
609823079

Pescados e**Mariscos Manolo**

Rosaleda, 10
629812029

Pinturas Mejuto

Vimianzo, Santiso
981193494

Q me compro

Alexandre Bóveda, 16
981505149

Ramón Cabado

Avda. Toques, 30
981505137

Ramón Pampín

Bango
Rda. de Pontevedra,105

981507526

Ribeirao

Convento, 12
981505018

Sanoguera

Fotografía
Rda. de Pontevedra,45

981507360

Silvia Novias

Rda. de Pontevedra,48
981507174

Cooperativa**Melisanto**

Agüeiros s/n, Melide
981506026

Suministros

Industriales Cire
Pol. Ind. . A Madanela,

parc. 22
981507954

Súper Vilasoa

Xesús Bal Gay, 6
627240011

Supermercados**García**

Rda. da Coruña, 14
981815400

Supermercados
Gómez

Amador Rodríguez, 3
981507027

Ultramarinos

Juan José
Mateo S. Bugeiro, 39

981505103

Veterinaria Mónica**Blanco**

Mateo S. Bugeiro,11
629507958

Xebre

Rúa de San Pedro, 16
981505723

Xoiería Roval

Alexandre Bóveda,12
981505431

Zapatería Tanuska

Cantón de S. Roque,14
981505793

CONSTRU-
CIÓN**Barreiro Lodeiro, J.**

Baltar, Melide
981515386

C.S.A.

Convento, 15-1º Izq.
981507374

Cervisa Sistemas**Metálicos**

Pol. Ind. A Madanela,
981507176

Const. M. Espiño

Concepción Arenal, 5
981507729

**Const. Leonardo Mi-
guélez**

Santa María, Melide
981505273

Const. Martínez**Cordido**

Dr. Fleming, 1
981506051

Const. Orois

Codeseira, Melide
981507374

Const. Pambre

Fdez. Castro, 8
981505859

Const. Pichel Hnos

Avda. Estación, 2, Lalín
986780759

Costoya Varela, J.

Rda.Pontevedra,51 1º Iz.
981507089

Escayolas**Jesús Fociños**

Avda. Montserrat, 40
Esc. 3 piso L2, A Coruña

981170550

Excavaciones**Paradela**


Ribeiro,s/n
Os Ánxeles, Melide

Xunta e Fomento pactan cambiar o trazado da autovía, que acumulará un novo retraso

Medio Ambiente decidirá sobre a necesidade de repetir o estudo en todo o tramo

A Consellería de Medio Rural autorizou recentemente o paso da autovía A-54 (Santiago-Lugo) pola Serra do Careón, no tramo que transcorre entre Arzúa e Palas de Rei. Non obstante, esta aparente decisión positiva podería traer novos retrasos na construción da infraestrutura, xa que se plantexaron varios cambios no trazado aprobado hai máis dun ano polo Ministerio de Fomento.

Nos tres quilómetros de vía que cruzan o Lugar de Interese Comunitario (LIC) da serra -en tons máis escuros no mapa- construíranse tres viadutos, dous para salvar os ríos Furelos e Seco e outro para protexer “a zona máis sensible



Mapa co cambio de trazado, abaixo á dereita

do LIC”. Pero o cambio máis significativo é o desvío do trazado uns 150 metros cara ó norte, xusto na zona “máis sensible” do espazo protexido, a carón do río Seco -no mapa o trazado anterior en negro e a alternativa proposta por Medio Rural en cor máis clara-.

Estas variacións poderían obrigir a repetir o proceso de estudo informativo do pro-

xecto, o que acumulará máis retrasos. Non obstante, será o Ministerio de Medio Ambiente, o que decida sobre esta asunto e formalice a Declaración de Impacto Ambiental.

O tenente de alcalde melidense, Manuel Prado, que estivo en contacto coa delegación de Fomento na comunidade galega, indicou que “non fará falta volver facer o

estudo informativo, porque os cambios quedarán especificados na declaración ambiental”, segundo o que lle trasladaron.

Cambios consensuados

As variacións plantexadas actualmente foron consensuadas entre a Consellería de Medio Rural e o Ministerio de Fomento, e tamén co visto bo do de Medio Ambiente.

Fomento e Xunta mantiveron diversas reunións dende o mes de abril, cando Medio Rural reclamou diversa documentación para dar a aprobación ao proxecto.

Responsabilidades

Dende Medio Rural aseguraron que “en ningún caso é intención do Goberno galego obstaculizar a construción da A-54, estamos a axudar en todo o que está na nosa man para axilizala”. En previsión de posibles atrasos, dende a consellería “rexeitamos calquera responsabilidade na posible demora da obra”.

A salvo dos recortes de Fomento

Pese a que o pasado mes de xullo o ministro José Blanco aseguraba que a autovía Santiago-Lugo se ía “reprogramar” a causa da “falta de madurez” na execución da propia infraestrutura, o Ministerio de Fomento rescatou o proxecto dos recortes.

Así, a autovía A-54 figura entre as 49 actuacións en todo o Estado nas que o departamento central “mejorará la inversión presupuestaria prevista para 2011”.

Non obstante, o ministro non concretou qué cantidade de fondos se destinarán ás obras -xa están paradas en varios tramos-, polo que haberá que agardar á aprobación dos presupostos. A indefinición do ministerio preocupa á veciñanza, que cre que os prazos marcados non se cumpriran.



Tfnos. reservas: 981 50 60 03 - 617 17 87 58
Avda. de Lugo, 2-1º - 15800 MELIDE (A Coruña)
E-mail: a.contrapelo@galicia.com

EXPLOTACIONES FORESTALES

Ovidio Leiva Pereiro

Tfnos.: 981 51 77 36 - móvil: 608 58 74 47
Belmil, s/n - SANTISO (A Coruña)

O Concello terá que devolver ó Estado 124.000 euros

Recibiu en 2008 unha partida superior á que lle correspondía

O Concello de Melide terá que devolver ó Estado algo máis de 124.000 euros correspondentes á liquidación do exercicio de 2008, xa que para aquel ano recibira unha partida superior á que lle correspondía por parte do Goberno central.

A voceira do PP de Melide, Ánxeles Vázquez, revelou esta circunstancia, trala publicación dos datos correspondentes á financiación das entidades locais polo Ministerio de Economía y Hacienda.

A alcaldesa de Melide, Socorro Cea, confirmou que o Concello ten 60 meses de prazo para afrontar o pago, sempre a partir de 2011.

Vázquez criticou que Cea non se posicionara en contra

da decisión do Goberno central, algo que fixeron numerosos concellos galegos. “Non é unha circunstancia que se poida debater, e por moito que nos neguemos eses fondos haberá que devolvelos”, dixo Cea e engadiu que “serán a Fegamp ou a Femp as entidades que teñan que esixir algún cambio, non cada concello”.

O caso de Melide non é particular, xa que tódolos concellos da zona deberán devolver varios miles de euros correspondentes á liquidación do 2008. Os concellos de Santiso e Toques deberán devolver máis de 31.000 euros cada un. Ó Concello de Sobrado correspóndelle reembolsar uns 49.000 euros.

Gondollín estrea o seu local social renovado

Os veciños da parroquia de Gondollín xa poden facer uso do local social da aldea, situado no lugar da Gareia, tralo remate das obras de restauración a mediados do pasado mes de agosto.

Os traballos, que contaron cun orzamento de 7.000 euros, consistiron na mellora do inmoble e do seu contorno, segundo explicaron fontes municipais. Realizáronse tarefas de limpeza do terreo e pintouse o local por dentro e por fóra. Para solventar o problema de humidades na fachada colocouse un canalón para conducir as augas pluviais ás novas arquetas instaladas no lugar.

Tamén se fixeron traballos de drenaxe nas fachadas principal e lateral, onde se abriu unha canalización para a conexión á rede de saneamento.

Os troiteiros recollen unha tonelada de lixo nos ríos

Por sexto ano consecutivo dende a súa fundación, a Asociación de Troiteiros 'Río Furelos' de Melide celebrou as súas xornadas de limpeza. Unha actividade que resulta de gran utilidade á vista da cantidade de refugallos de todo tipo que os troiteiros e voluntarios recolleron. Só en dúas xornadas de traballo, os participantes quitaron dos cauces fluviais da zona máis dunha tonelada de lixo.

Ata o de agora levan lim-pado máis de 25 quilómetros correspondentes ós cauces dos ríos Furelos, Villamor -du-rante o primeiro día, no que quitaron uns 400 quilos de re-fugallos- e o Catasol, na se-gunda xornada, coa extracción de máis de 600 quilos de lixo.

Entre os artigos atopados hai varios electrodomésticos, un chasis dunha moto, unha manguera para a extracción de xurro, colchonetas das uti-lizadas nos albergues, roupa,



Retirada de plásticos do río Catasol

restos de animais e todo tipo de plásticos e latas.

Para o presidente dos troiteiros melidenses, Xavier Pazo, a cantidade de lixo extraída "é unha demostración de que aínda queda moito camiño por andar, xa que moitos seguen a considerar o río o vertedoiro máis cómodo".

Na actividade participaron numerosos voluntarios, algúns deles procedentes de Lugo, Redondela ou de Madrid.

O próximo 11 de setembro rematan as xornadas coa limpeza do Martagona, outro afluente do Furelos, ó longo dun percorrido de oito quilómetros de ribeira.

Descontento na Avenida de Toques polas obras en agosto



Traballos na Avenida de Toques e Friol

Hai unhas semanas comeza-ron os traballos de mellora da iluminación na Avenida de Toques e Friol. O proxecto, per-tencente ó segundo Plan E, ten un presuposto de case 80.000 euros, cos que se realizan obras para a canalización sote-rada do cableado aéreo e a instalación de novas farolas, que substituirán ós antigos focos instalados en postes de hormigón e nas fachadas de vivendas.

Os comerciantes e hostalei-

ros da rúa amosaron o seu descontento polo momento no que se iniciaron os traballos, xa que coincide coa maior afluencia de clientes ós seus negocios. "Puxéronse coas obras en pleno mes de agosto, cando máis xente temos e xusto antes da semana do San Roque", argumentan. Non obstante, comprenden que as obras son necesarias, pero insisten en que se poderían facer pasado o mes de agosto, para non causar tantas molestias.

Melisa difunde o uso do software libre coa celebración de cinco obradoiros temáticos

A Asociación de Usuarios de Software Libre de Melide (Melisa) organizou ó longo do mes de agosto varios obradoiros temáticos, nos que os asistentes adquiriron coñecementos sobre instalación de sistemas operativos, reparacións e cambios no hardware de equipos informáticos, iniciación á robótica ou de seguridade na tecnoloxía.

Na primeira xornada, im-partida polo vicepresidente de

Melisa, Jorge Lama, os asis-tentes aprenderon a cambiar diferentes pezas avariadas, construír un reprodutor de CD con compoñentes reciclados ou instalar un ordenador en-teiro partindo de cero.

Ó longo das xornadas tamén recibiron a información pre-cisa para facer a instalación dun sistema operativo e abor-daron as características de di-ferentes sistemas como Windows ou GNU/Linux da

man de Rafael Rodríguez, pre-sidente de Melisa.

Foi nas últimas xornadas cando se tratou máis de cheo a utilización do software libre, falando dos beneficios que existen ó empregar este tipo de software e sobre os coñece-mentos básicos para a súa ins-talación e o uso de diferentes tipos de aplicacións, nas áreas de ofimática, internet e multi-media, segundo explicaron dende o colectivo melidense.

Asfaltan a rúa Puerto Rico, unha vella demanda veciñal

A rúa Puerto Rico, que disco-rre perpendicular á Avenida de Toques e Friol, estrea novo firme dende hai uns días. O Concello vén de rematar as obras, que consistiron na exe-cución dos traballos neces-a-rios para a canalización de pluviais e na aplicación dunha capa de aglomerado en toda a rúa. Estas actuacións contaron cun orzamento de 13.000 euros.

A mellora desta rúa, da que máis da metade do trazado se atopaba en terra, era unha vella demanda dos veciños da zona, que tiñan que atravesar numerosas fochancas e lamei-ras para chegar ás súas casas. A outra metade do viario, aínda que asfaltada, tamén es-taba en moi mal estado.

Nestas últimas semanas tamén remataron as obras nas rúas Campos e Crego Pampín.



**Tenda degustación de
queixo e produtos
artesanais de calidade**
Novas intalacións en
Rúa San Pedro, 16
Melide

Tenda Tlf/fax: 981505723
Queixería Tlf/fax: 981100252

Balada - Visantóna
15809 Santiso
xebre@telefonica.net



Carpintería

A. LAYA

Rúa Palas de Rei, 8-15800 Melide
Tfnos: 981 505 283 - 670 662 947

Un San Roque “de crise” que pide unha renovación

Comerciantes, hostaleiros e veciños din que esta edición foi a “peor” dende varios anos atrás

Cada un conta a feira segundo lle foi. Este refrán popular exemplifica as diferenzas na valoración que fan dende o Concello das festas do San Roque, que non ten nada que ver coa que fan os veciños e incluso os hostaleiros.

Para a concelleira Casé Rodríguez, encargada da organización das festas, éstas foron “das máis exitosas dos últimos anos”, xa que “houbo varios días de auténticas aglomeracións en Melide”. Neste senso, Rodríguez destacou a “extraordinaria resposta da xente” en tódalas actividades e concertos que estaban programados no cartel dos festexos.

Non obstante, estas opinións non son compartidas por moitos melidenses, que



As bandas tiveron un papel destacado durante o San Roque

cren que a crise fixo merma nas festas grandes da vila. Fóra das críticas sobre a mellor ou peor calidade das orquestras contratadas, moitos veciños apuntan a que “son demasiados días de festa”. Xusto despois do remate das festas, na rúa escoitábase re-

petidamente a mesma opinión. “É mellor ter só catro días de festa, como era antes, con boas orquestras, que non unha semana enteira con peores orquestras”.

Os hostaleiros tamén se queixaron de que durante os primeiros días das festas -

luns, martes e mércores- foi moi pouca a xente que se congregou en Melide polas noites.

“Durante o San Roque os bares do Cantón sempre tiñan que quitar as terrazas porque o público enchía as beirarrúas. Este ano as terrazas estiveron postas incluso o día que máis

xente houbo”, comenta un veciño de Melide.

Se ben é verdade que a partir do xoves -cando actuaron París de Noia e Panorama- a afluencia de público ás verbenas foi en aumento.

Polémica polo gasto

A cantidade adicada a financiar as festas foi motivo de discordia entre o goberno local e a oposición. A voceira do PP, Ánxeles Vázquez, instou ó grupo de goberno a facer público un “informe detallado” do custo total das festas “especificando cada unha das partidas destinadas a cada actuación realizada polo Concello”.

Vázquez aludiu á cifra falicada dende o Concello de 150.000 euros calificándoa de “excesiva”.

Casé Rodríguez replicou que esta cantidade se refería ó “presuposto das festas” e que será “unha cantidade moito menor” a que finalmente aporten as arcas municipais. Non obstante, dende o consistorio agardan os pagos pendentes de atraccións e publicidade para saber a aportación final.

O Concello reclama a reanudación das obras da Cámara Agraria

Os traballos están parados dende hai máis de medio ano



Estado actual da Cámara Agraria, na rúa Froito Novo

O Concello de Melide solicitou á Xefatura Territorial de Medio Rural na Coruña a reanudación das obras da Cámara Agraria Comarcal -ubicada na rúa Froito Novo-, xa que os traballos de rehabilitación do inmobile levan parados dende hai máis de medio ano.

No escrito remitido ó responsable de Medio Rural na provincia, a alcaldesa de Melide, Socorro Cea, reclamaba “que o antes posible se rematen as obras a fin de poder ofrecer un servizo e unhas instalacións dignas aos traballadores e ás moitas persoas que cada día

fan uso da oficina comarcal provisional”.

Na actualidade, o servizo da Cámara Agraria ofrécese dentro da propia Casa do Concello, nunhas instalacións “moi reducidas”, segundo indicaron fontes municipais.

As obras comezaron a finais do ano pasado e meses despois quedaron paradas. No Concello din non ter recibido “ningunha explicación” dos motivos desta situación nin “previsión sobre a data de reanudación”.



Tablas Racións Almorzos

Os fins de semana achégate a tomar unha copa e disfrutar da boa música!

Avda de Toques,35 - Melide

Visantoña acusa a Xunta e Deputación de “enredar” o arranxo da estrada

O Concello de Melide e o PP local ofrecen dúas versións distintas da situación actual

Os veciños reuniranse a mediados de mes para determinar as protestas



O arranxo da estrada Melide-Visantoña faise moi necesario en puntos coma este

Ante as distintas versións dos feitos que ofrecen a Xunta e a Deputación da Coruña sobre a entrega da documentación requirida polo Goberno autonómico para a declaración urxente de expropiación de terreos afectados pola mellora da estrada que une Melide con Visantoña, en Santiso, os afectados acusan a ámbalas dúas administracións de “enredar o arranxo da estrada en trámites burocráticos”.

A comezos de agosto, veciños das distintas aldeas polas que discorre o vial -Visantoña, Ribadulla, Beigondo, Pezobre e San Román en Santiso e de San Martiño, Campos e Santa María en Melide- así como os alcaldes de Melide e Santiso, Socorro Cea e Ovidio Leiva, reuníronse para poñer en común toda a información sobre a situación na que esta-

ban os trámites. No encontro, ó que tamén asistiu a vicepresidenta de Asetem-Cca, Elena Quintas, o tenente de alcalde melidense, Manuel Prado, asegurou que a Deputación xa remitira tódolos documentos solicitados á Xunta.

Distintas versións

O Concello de Melide confirmou este extremo presentando un documento da Deputación no que se daba conta do envío á Consellería de Presidencia, con saída do organismo provincial o 28 de xuño e de entrada na Xunta o 5 de xullo.

Neste escrito, requeriase ó departamento de Presidencia que “adopte el citado acuerdo con la mayor urgencia que le sea posible, teniendo en

cuenta la singularidad y trascendencia que tiene la referida obra para la mejora de la infraestructura viaria en la provincia de A Coruña”.

Non obstante, o PP de Melide fixo público un requirimento urxente da Xunta ó Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación dunha certificación de que os actuais propietarios das fincas nas que se produciu un cambio de titularidade foron notificados do expediente para a declaración de urxente ocupación dos seus bens e dereitos.

Esta petición foi realizada o 29 de xullo, polo que o PP de Melide acusa á Deputación de “poñer trabas” ó arranxo do vial. “É inadmisíbel a falta de compromiso do ente provin-

cial con dita estrada”, asegura a voceira do PP local, Ánxeles Vázquez.

“Estanse liando con trámites burocráticos cando o arranxo xa podería ter comezado hai meses”, indicou o presidente da asociación O Noso Lar, Manuel Adán. “O proceso está na peor das tesituras para nós, pero se chegamos ata aquí temos que seguir adiante”, subliña.

Nova reunión

Ante esta situación, os afectados serán convocados para unha nova reunión a mediados de mes para poñer en marcha medidas de presión. “Agora xa non hai desculpa posible”, indica Adán, e anuncia que as protestas “contan co consenso de moita xente”.

Matriculan 140 coches na zona en todo o que vai de ano

O sector da automoción é un dos máis afectados pola crise. Boa conta delo dan as cifras de matriculación dos dous últimos anos, que non se despolmaron a niveis mínimos grazas ás axudas á compra implantadas polo Goberno central e a Xunta.

Aínda así, as matriculacións na comarca da Terra de Melide pódense calificar de escasas. Dende comezos de ano ata o pasado mes de agosto, só se rexistraron na zona un total de 144 novas matriculacións, segundo os datos publicados polo Instituto Galego de Estatística (Ige).

Nos primeiros oito meses do ano foron os melidenses os que mercaron un maior número de turismos, con 91 coches no que vai de ano, fronte ós 21 de Sobrado, os 20 de Santiso ou os 12 de Toques.

No concello de Melide foi especialmente notable o descenso das adquisicións nos últimos meses, que pasaron de 20 coches no mes de xuño a 14 no de xullo e só 3 no de agosto. No resto de municipios da comarca o descenso non foi tan brusco, xa que en ningún mes se chegaron a superar os seis coches vendidos. Hai que recordar que no mes de xuño remataron as axudas oficiais á compra e no de xullo entrou en vigor a suba do IVE.

Pese ás baixas cifras rexistradas, os datos son mellores que o ano pasado, cando só se contabilizaron 122 rexistros.

Leiva

motosport

www.leivamotosport.es - Tfno.: 981 50 73 34
Ronda de A Coruña, 52 - 15800 MELIDE (A Coruña)

ESPAÑA
ALEMANIA
FRANCIA

LUXEMBURGO



SIERRA

TRANSPORTE DE VEHÍCULOS NACIONAL E INTERNACIONAL

Manuel Vázquez García

Tfno./Fax: 981 50 79 10 manuel@transierra.es
Móviles: 610 52 34 50 / 51 Parque Emp. La Madanela, nave 79
www.transierra.es 15800 MELIDE (A Coruña)

HOLANDA

ITALIA
PORTUGAL
AUSTRIA

Sobrado honrará ás Dores tras degustar miles de troitas

O sábado 18 celebraranse actividades para os cativos

Sobrado agarda as súas festas máis multitudinarias, as Dores. A comisión organizadora dos festexos, encabezada polo concelleiro Ovidio Cabanas, xa ten o cartel de actividades pechado dende hai varias semanas.

A comisión puxo o seu énfase nas verbenas nocturnas, que comezarán o venres 17, coas actuacións das orquestras La Oca e Costa Oeste. O sábado 18 a festa estará amenizada polas formacións Abanico e Xente Nova e o domingo 19 será o día grande, cos concertos de Fania Blanco Show e a orquestra Panorama.

Ademais, o sábado será un día especial para os cativos, que poderán divertirse nas numerosas actividades programadas. Haberá diversos xogos na praza, así como atraccións como o coñecido 'touro mecánico' e camas elásticas. Tamén poderán asistir á festa da espuma.

Moito sacrificio

Organizar as festas patronais estase convertendo en numerosos pobos nun auténtico problema, xa que debido á dificultade de buscar financiación por mor da crise, non hai



Un momento do concerto de Los Suaves.

Centos de persoas ateigaron o 22 de agosto a praza principal de Sobrado para degustar a xa tradicional e recoñecida troita á montañesa. Os organizadores calculan que repartiron unhas dúas mil racións. A asistencia a esta cita culinaria, de longa tradición no calendario das festas gastronómicas da comunidade, rondou as 5.000 persoas. Moitas delas xa parti-

ciparan a noite anterior nos concertos protagonizados polo grupo de rock ourensán Los Suaves e polo ex-compoñente da mítica banda da movida galega Siniestro Total.

Entre os pratos preparados co peixe de auga doce que máis sorprendeu ós asistentes foi a empanada de troita, que recibiu numerosos comentarios polo seu sabor.

voluntarios para formar as comisións.

Nesta situación atopáronse hai uns meses en Sobrado, cando os candidatos a formar a comisión rexeitaron facelo. Ante esta situación, o concelleiro Ovidio Cabanas aceptou a petición de poñerse á fronte do grupo.

Tras lograr solventar os problemas coa comisión, os organizadores comezaron a traballar para reunir un cartel

o máis completo posible. "Comezamos a traballar tarde, pero ó final conseguimos un programa decente e completo a base de moito sacrificio".

Cabanas amósase confiado de cara ó resultado destas celebracións, xa que son as festas grandes da localidade. "É unha festa moi boa para a hostelería da vila, porque ó celebrarse a verbenas na praza, a xente sempre acude ós bares que están ó carón".

Numerosa asistencia á festa da Cornella

Moitos veciños, acompañados na súa maioría por familiares que estiveron presentes para a ocasión, gozaron o pasado 21 de agosto da Festa do Río na Cornella.

A meteoroloxía foi propicia para esta cita, xa que o día caloroso animou a moitos dos asistentes -a maioría cativos e mozos- a gozar dun baño no río. Non obstante, o máis importante foi que veciños e forasteiros pasaron unha xornada de diversión en boa compañía e nun entorno de gran beleza paisaxística.



Festa da Cornella

Toques pedirá unha axencia de lectura

A Xunta de Goberno Local de Toques acordou iniciar os trámites correspondentes para que o concello poida contar cunha axencia de lectura, segundo informaron dende o consistorio toquense.

A axencia de lectura trátase dunha instalación de semellantes características a unha biblioteca, só que ubicada nunha infraestrutura de dimensións máis reducidas e tamén cun horario de atención ao público máis limitado, dunhas 15 horas semanais como mínimo.

Estas instalacións municipais deben prestar os servizos de información, préstamo a domicilio, consulta en sala e ter as seccións de literatura in-

fantil e xuvenil.

Dende o Concello de Toques iniciarán os trámites para solicitar este servizo á Consellería de Cultura unha vez que a proposta sexa aprobada polo pleno. O departamento da Xunta dispón dun prazo de tres meses para aprobar ou denegar a petición. No caso de dar resposta afirmativa, a consellería encargárase de aportar o catálogo de fondos, arredor duns 1.500 volumes, estiman dende o concello.

A axencia de lectura ubicarase no Edificio Multiusos de Souto, onde o Concello xa ten habilitada unha sala para este fin, que xa está dotada das mesas e estanterías necesarias para o seu funcionamento.

Pepe Vaamonde Grupo sorprende ós toquenses



Momento do concerto de Pepe Vaamonde Grupo en Toques

O grupo de música galega tradicional Pepe Vaamonde Grupo deixou moi bo sabor de boca trala súa actuación o pasado 28 de agosto en Toques.

O seu directo, cunha mestura de potencia e calidade

musical, gustou ós espectadores, que admiraron as composicións do último disco deste grupo -Introterra-, liderado polo músico Pepe Vaamonde, orixinario de Visantón, no concello de Santiso.



- Carne de buey
- Ternera Gallega
- Lechazo Castellano
- Quesos Arzúa-Ulloa
- Embutidos y jamones gallegos
- Carnes, embutidos y jamones ibéricos

Tel.: 615 360 089
 Avda. de Lugo, 83
 15800 MELIDE (A Coruña)
 carrizodistribuciones@gmail.com

Loita para salvar a escola de música 'Eugenio Pazos'

A directiva reclama unha partida de 20.000 euros anuais ó Concello

O rexedor di estar disposto a solventar o problema do centro formativo



Homenaxe a Eugenio Pazos Reyes no San Roque de Melide

A difícil situación que atravesamos a Escola de Música de Visantóna marcou profundamente a celebración da XIX edición do Día do Socio, que tivo lugar nesta parroquia de Santiso o pasado 22 de agosto. Foi un acto reivindicativo, no que por primeira vez a festa non estivo adicada a ningunha persoa en concreto, como se facía de costume.

Á marxe das xa tradicionais actividades lúdicas -entre as que destacou o enredo musical 'A vaca marela' que invitaba a reflexionar qué pasaría en Visantóna se non houbera banda, e a obra 'O rei da carballeira', interpretada polo grupo de teatro da asociación O Noso Lar- o momento máis relevante da noite foi a lectura dun manifesto en apoio á continuidade da escola, que leva o nome de Eugenio Pazos Reyes, o director perpetuo da Banda de Visantóna falecido hai uns meses.

Os problemas económicos merman a viabilidade do cen-

tro, máis se cabe polo feito de estar recoñecido oficialmente pola Consellería de Educación -dende 1998-, tal e como se explica no manifesto. Este texto foi entregado o 12 de xuño ao alcalde de Santiso e aos grupos políticos que forman a corporación municipal.

A presidenta da Asociación Cultural Banda Escola de Música de Visantóna, Susana Varela, indicou que buscan "apoios orzamentarios estables" por parte do Concello de Santiso para manter a súa actividade. "Cada ano que comeza non sabemos co que podemos contar nin se imos poder pagar ós profesores", asegurou Varela.

Deste xeito, cifran en 20.000 euros a cuantía anual que solicitan ao concello, que se completaría con aportacións doutros organismos e coas cotas dos alumnos.

Ademais, reclaman ao consistorio que lles aboe 12.000 euros pendentes de cobro dende 2007.

Recollida de sinaturas

A asociación iniciou unha campaña de recollida de sinaturas para "facér presión" ante as administracións. Entregarán os apoios recibidos ó Concello de Santiso e á Consellería de Educación.

Os interesados poden plasmar a súa sinatura nas follas distribuídas en tódolos establecementos hostaleiros de Visantóna e nas tendas Xebre e Meligraf de Melide.

Disposición ó diálogo

Pola súa banda, o alcalde de Santiso, Ovidio Leiva, amosou a súa "disposición a dialogar e negociar" para tratar de clarear o futuro da escola de música local. Este asunto foi abordado nun pleno anterior e os acordos acadados serán trasladados oficialmente trala aprobación da acta no pleno do 10 de setembro. Asimesmo, Leiva afirmou ter "vontade política" para ir aboando "en anualidades sucesivas" os 12.000 euros pendentes.

Toques homenaxe a Marcial Villamor

O 28 de setembro cúmprense 73 anos da morte do sindicalista



Marcial Villamor, dereita, maila súa esposa

Unha persoa atraída pola cultura e que loitou por acadar dereitos básicos polos traballadores. O sindicalista Marcial Villamor Varela será homenaxeado o próximo 25 de setembro -sábado- na súa aldea natal, Vilouriz, no concello de Toques. A súa familia máis o Concello de Toques organizaron unha serie de actos de recoñecemento a Villamor cando se cumpren 73 anos da súa morte.

Para ese día, ás 17.30 horas está prevista unha ofrenda floral e a inauguración dunha placa recordatorio no campo da feira de Vilouriz. Posteriormente, ás 19.00 horas o investigador especializado na represión franquista Dionisio Pereira dará unha conferencia no Edificio Multiusos de Souto, baixo o título de 'Marcial Villamor Varela, Sindicalista do Olvido'.

A Xunta de Goberno Local de Toques xa aprobara hai varios meses esta actividade.

De Toques a Santiago

Villamor naceu en Vilouriz no 1899, aínda que de moi novo trasladouse a Santiago. Alí desenvolveu o seu traballo como ebanista e a súa acción sindical. A súa paixón pola lectura levouno a visitar frecuentemente as librerías compostelás e completar unha das mellores bibliotecas privadas da cidade, tal e como relata a súa familia nunha páxina web adicada ó sindicalista e á represión durante o franquismo.

Loitou para conseguir a dignificación das condicións la-

borais, a redución horaria de xornadas abusivas, o dereito a descanso semanal ou o acceso dos traballadores á educación e á cultura. Foi membro da Confederación Regional Galaica da CNT representando ó 'Sindicato de Carpinteros y similares' de Santiago. Á altura de 1934, Marcial Villamor xa destacaba no obreirismo compostelán.

No 1936, tralo alzamento militar, ten que fuxir da súa casa xa que fora asaltada polos falanxistas e ocúltase na casa duns curmáns na aldea natal. Nesta vivenda vivía tamen unha mestra falanxista que descoñecía a súa presenza.

Asasinado polo réxime

Villamor estivo varios meses en Vilouriz, pero ante o risco de ser descuberto decide marchar a Asturias, que por aquela época aínda era leal á República.

Deixa a aldea que o veu nacer en setembro de 1937, pero é detido no camiño, na localidade lucense de Baralla. Segundo a versión dos feitos aportada pola familia, foi asasinado dun disparo na cabeza o 28 de setembro cando era trasladado a Compostela pola Garda Civil. O seu corpo apareceu nunha cuneta da vella carretera Santiago-Lugo, á altura do municipio de Guntín. Foi atopado alí ás seis da mañá, tumbado boca abaixo, cos brazos abertos e empapado en auga.

O parte oficial entregado á familia alude a unha hemorraxia cerebral como motivo da súa morte.

ASETEM-CCA organiza

**CURSO DE
BENESTAR ANIMAL
OUTUBRO 2010**

Infórmate no 981506188

O San Caralampio chega cun día enteiro de troula

Seis charangas encargaranse de poñer o ambiente musical na rúa

Os pementos, mexilóns e cachelos serán os reis do menú

Como ven sendo habitual dende hai máis de seis décadas, o San Caralampio peta á porta na segunda fin de semana de setembro. A estas alturas, a comisión xa ten case todo a punto para que os melidenses e forasteiros que acudan á festa gocen dunha xornada especial, na que todo o pobo se bota á rúa.

O epicentro da festa será a zona dos viños, pero as charangas invadirán coas súas notas musicais outras partes da vila. Este ano aumenta o número de formacións. “Quixemos poñer máis charangas porque animan moito o ambiente do pobo ó pasar por todo Melide”, asegura Juan Manuel Prado, ‘Barullo’, representante da comisión, que ten toda a intención de ‘resucitar’ a Banda do Peto cos seus instrumentos de construción totalmente artesanal.

SAN CARALAMPPIO 2010

MELIDE 12 DE SETEMBRO

ALBORADAS:
Gaiteros: **GRUPOS DO PAÍS.**
BANDA DO PETO (precísanse compoñentes).
O CASTRO de Toques.

Charangas: CHIRINGHOTA.
OS AMIGOS DE VISANTONA.
O VENDAVAL.
A REQUINTA DA LAXEIRA.
GRUPO DE PERCUSIÓN SORPRESA.

MISA CONCURSO DEBUXO ALBERTE LAFUENTE

TIRO A LATA CON ESCOPETA DE PAO PEMENTOS - PAN - CACHELOS - VIÑO MEXILONS - CARNEIRO

CONCERTO F. ROMARÍA COA ORQUESTRA DAS QUE HAI

A NOSA FESTA É DE TODOS: COLABORA COA COMISIÓN ¡NON TIRES CO VIÑO! Bébeo

Espectáculos LA PERLA - SUSO - PIROTÉCNIA CALO

Chiquitín

Frutas La Andaluza

o llo coa traca

Cartel do San Caralampio 2010

Tras unha mañá intensa, os asistentes comezarán a arrecender os pementos, mexilóns e cachelos arredor das 14.00 horas. Todo de balde.

A dinámica da xornada mantense ano tras ano, e como manda a tradición, celebrarase o certame de pintura Alberte Lafuente e o tiro á lata con escopeta de pao no Pozo

Pequeno, ámbolos dous convertidos en sinais de identidade da festa máis gamberra da comarca.

A Praza das Coles acollerá a verbena nocturna -coa orquestra Anduriña- e, coma de costume, será o escenario no que maiores e mozos levarán o susto do día coa explosión da gran traca.

¿COÑECE VOSTEDE OUTRO SITIO ONDE BEBER MELLOR VIÑO?

LOMO (Salamanca)
XAMÓNS
CHOURIZOS
QUEIXOS

Adega MANDIL

Tfno.: 981 50 57 53
Alberto de la Fuente, 6 • 15800 MELIDE (A Coruña)

Bar LIÑARES

Bo viño, especialidade en comida caseira.

Tfno.: 981 50 51 84 • 15800 MELIDE (A Coruña)

CERVEXERÍA

Godiva

Licores Mejuño

- DENDE 1954 -

Almacén: 981 507 762
Móviles: 652 819 732 - 654 532 557
Ronda de Pontevedra, 74 - 15800 MELIDE (A Coruña)

Degustación e venda

- Ribeiros
- Mencías
- Godellos
- Albariños
- Rioxas
- Xóvenes
- Grangres
- Embotellados
- Licor café
- Licor de herbas
- Crema de oruxo
- Crema de café
- Crema de ron
- Licor de mandarina
- Licor de mazá
- Licor de plátano
- Licor de mora
- Licor de bellota

BIG BEN IRISH TAVERN

Praza das Herbas, 8 - 15800 MELIDE (A Coruña)

Unha festa con historia

Este ano celebrarase a 64 edición

Foi en tempos da posguerra, exactamente en 1946 cando tres veciños da vila -o médico municipal Alberto Lafuente, o industrial Xesús Noguero Piñeiro e o funcionario municipal Xesús Fondevila Castro- organizaron o primeiro San Caralampio.

No 60 aniversario da festa, hai catro anos, Domingos Fuciños explicou neste xornal que fora o médico, orixinario de Santiago, o que importara a festa a Melide, xa que por aquelas datas tamén se celebraba no barrio compostelán de Vista Alegre.

No 1973, trala morte de Lafuente, tomaron o relevo Manolito Castro, Sarandeses, Manolo Parrado, Carlos de Dona Inés e o propio Domingos Fuciños.

Na actualidade e, dende 1997, son José Manuel Prado, 'Barullo', 'Lalo', Pedro, Carlos, 'Mellid', Ramón, Armando, 'Millón', Manuel Parrado, Pepe e Isabel do Folicheiro os encargados de organizar a festa. Os membros da comisión agradecen os apoios que reciben tanto do comercio e a empresa local coma do propio Concello, sen os que a festa "non sería posible".

Evolución controvertida

O paso dos anos foi cambiando a festa, que actualmente se convertiu nunha batalla campal onde todo o público reamta coa roupa impregnada de viño.

De feito, nos carteis, a comisión quere lembrar que tirar viño non é o típico da festa.



Membros da actual comisión



O público sempre atega as rúas da zona dos viños

"Non tires co viño, bébeo", unha frase que xa se converteu nun dito popular.

"Xa avisamos de que está prohibido tirar viño e traer pistolas de auga", advirte 'Barullo'. "Queremos que a festa sexa como era antes, un día no que a xente de Melide sae á

rúa a pasalo ben, sen necesidade de desmadrarse", apunta.

A sona do San Caralampio exténdese ano tras ano, pero aínda así, os seus organizadores defínena como "unha festa tranquila para a xente que se xunta".

HOTEL Restaurante
Xaneiro
PX HX
 Pensión Xaneiro, s.l. Hotel Xaneiro, s.l.
 Tfno.: 981 50 50 15 Tfno.: 981 50 61 40
 San Pedro, 22 - MELIDE Avda. de la Habana, 43 - MELIDE
 www.xaneiro.es - hotelxaneiro@arrakis.es

HABITACIONES CON BAÑO Y T.V.
TELÉFONO EN TODAS LAS HABITACIONES
CALEFACCIÓN - SUITS - CIBER
AIRE ACONDICIONADO
HAB. PARA MINUSVÁLIDOS

Cire
Cafetería

Rúa Principal, 11 - 15800 MELIDE (A Coruña)

Adega "O Lar"

Rúa San Pedro, 17 - 15800 MELIDE (A Coruña)

SALA 600

• www.sala600.com
 • www.myspace.com/sala600melide
 • FACEBOOK: Sala 600 Melide
 • Tfn: 627 252 898

CONCERTOS, MONÓLOGOS
 FESTAS TEMÁTICAS, TEATRO
 PROYECCIONES DE VIDEO
 PRESENTACIÓN DE EVENTOS

SALA 600, RUA MELIDE DI LUGANO S/N 15 800, MELIDE, A CORUÑA

O Noso Bar

ZONA DOS VIÑOS - 15800 MELIDE (A Coruña)

Charamela quiere dar continuidade ó encontro interxeracional tralo éxito colleitado na primeira edición

A organización viuse obrigada a abrir as mostras un día máis tras pedilo o público

“A xente respondeu moi ben, gustou moito a idea e animáronnos a seguir co encontro para os anos vindeiros”. A presidenta da Asociación Cultural Charamela de Melide, Mari Gómez, valoraba deste xeito o encontro interxeracional que o colectivo organizou a finais de agosto baixo o epígrafe ‘O abrazo das idades’.

A boa resposta do público anima ós organizadores a darlle continuidade a esta xornada, cuxo obxectivo era “unir as xeracións” para demostrar os beneficios dunha convivencia estreita entre mozos e maiores na vida cotiá. “Os maiores recibiron especialmente ben a idea, porque queren facer ver que non só están para coidar ós netos, senón que tamén poden ensinalle moitas cousas ós máis novos”, explicou Gómez.

Un dos feitos que demostrou a boa acollida desta iniciativa pioneira en Melide foi que a organización viuse obrigada a manter abertas as exposicións de libros e xogueteos antigos e modernos -nas que colaborou a Asociación Cultural Terra de Melide- ó longo da mañá do domingo tras demandarllor reiteradamente o público.



A música animou a festa na Praza do Convento



Mostra de libros e xogueteos antigos e actuais

Coa obra de teatro ‘Dous vellos e unha soa soidade’, Charamela conseguiu ategir a Praza do Convento. “A obra gustou moito porque trata a problemática dos maiores que teñen que deixar as súas casas na aldea para ir vivir a pisos nas vilas”, indicou a presidenta do colectivo cultural.

Triunfaron tamén as actuacións musicais a cargo do

grupo Axóuxere e da charanga Tralla 101, que combinan compositores mozos con maiores.

Certame literario

A asociación cultural entregou os premios do certame literario. Os gañadores foron María Méndez, de 26 anos; Xosé Núñez, de 83; María Parrado con 9 anos e Alicia Casal, con 69 anos.

Melide reviviou a historia do traxe tradicional por terceiro ano consecutivo



Mostra de traxes na capela de San Antón

A III Mostra do traxe galego e música tradicional puxo o punto e final a un mes de agosto cheo de actividades lúdico-culturais celebradas na vila de Melide.

Durante o último fin de semana, dúzias de persoas puideron coñecer traxes, xoias e instrumentos tradicionais da nosa comunidade a través dunha visita ás mostras que se instalaban en varios edificios da zona vella melidense.

Na Capela de San Antón ubícouse unha exposición con traxes típicos de varias vilas galegas, entre as que figuraban Betanzos, Muras, Santiago, Mesía ou Curtis e tamén da Terra de Melide. A mostra, de Alberto Golpe, aportaba documentos que explicaban detalladamente as características das vestimentas e curiosidades sobre a súa confección.

Tamén se expuxeron instrumentos antigos -mostra de Pablo Carpintero-, vestiario,

fotografías e outros obxectos relacionados coa música tradicional nas zonas polas que discorre o Camiño de Santiago.

Instrumentos típicos

As vestimentas tradicionais están fundamentalmente relacionadas coa música e a festa e por iso a mostra completouse coas aportacións de sete artesáns que amosaron instrumentos tradicionais de grande valor histórico e artístico. Así, os visitantes puideron ver gaitas e requintas, arpas, zanfanas e instrumentos de percusión ou frautas tradicionais.

A música tamén foi a protagonista do obradoiros, de enredos musicais e xogueteos sonoros, que se celebraron en cadansúa xornada.

Ademais, desfilou un grupo de membros da Asociación Galega do Traxe, que informaron ao público sobre as diferentes partes dos traxes e a diversidade de vestimentas.

Os Melidaos
Que ben baila, que ben baila !

Novo CD

De venda en:
Muxica Tenda Xoven

3 EUROS

*canxeable en **MUXICA** ou **MUXICA**
*en compras superiores a 30 euros
*salvo produtos en promoción
*válido ata o 15 de Outubro

ISTA “VOLTA Ó COLE” PÁSATE POR **MUXICA**, PODE SER QUE ATOPEES O QUE BUSCAS

Os melidenses celebran un ano máis o San Ramón

Reivindican “os nosos costumes e o xeito de sermos”



Melidenses e forasteiros gozaron do San Ramón

Os veciños da rúa Mateo Segade Bugueiro de Melide reuníronse o pasado día 29 para celebrar o San Ramón, unha festa que recuperaron un grupo de ‘Ramóns’ desta zona da vila hai xa tres anos.

Pese a que a organización deste ano non dou a coñecer a celebración da festa ata dous días antes, ó final todo saiu ben e ós melidenses sumáronse numerosos forasteiros e peregrinos, que gozaron dun xantar composto de polbo e carne ó caldeiro. A tradicional queimada galega puxo o broche final á comida.

Dende a organización agradecen a tódolos participantes “que souberon sufrir as carencias con humor” e a colaboración do Concello de Melide na dotación do mobiliario necesario para celebrar a festa.

Retomar a tradición

Ó igual que na pasada edición, o pregoeiro foi o presidente da Asociación de Troiteiros Río Furelos, Xavier Pazo Blanco, que se referiu ó festexo como “unha aposta por manter os nosos costumes, o noso xeito de sermos e de divertírmolos”. “Ten moito mérito que

os Ramóns que organizan esta festa pretendan perpetuar esta celebración de maneira que os netos dos nosos netos a sigan celebrando de maneira sabia, como herdanza dun pasado que, sendo mellor ou peor, representa un anaquiño da esencia da nosa idiosincrasia”, asegurou Pazo.

Ante o éxito do seu discurso, no que facía un repaso polas propiedades miragreiras do santo, e a petición da organización e do público presente, Pazo Blanco tivo que volver dar o pregón antes de que comezara a verbena nocturna.

A semana de Fútbol Sala atrae a Melide a numerosos seareiros desta disciplina

A nota exótica púxo a o Viz Sinara, campeón de Rusia

Ó longo de sete días, coincidindo coas festas de San Roque, celebrouse en Melide a Semana Eypar de Fútbol Sala, que contou coa presenza de numerosos afeccionados deste deporte que seguen fieis á cita co fútbol sala na comarca de Melide.

Ó completo cartel deseñado polo Melide Fútbol Sala, que incluía a presenza de equipos da división de honor como o Lobelle de Santiago, o Azkar de Lugo, o Marfil Santa Coloma, o Fiat-Carnicer Torrejón e o Reale Cartagena, engadiuse no último momento o campeón de Rusia, o Viz Si-

nara, que puxo a nota exótica ó torneo. Xogou contra o Reale Cartagena, nun encontro no que perdeu por catro tantos a un.

Algúns dos partidos que crearon máis expectativas foron o disputado entre o Azkar Lugo e o Autos Lobelle, que empataron a catro, marcando dous goles de penalti o primeiro e tres o equipo compostelán.

Tamén foron moi seguidos o Carnicer-Fiat Torrejón contra o Azkar Lugo (8-3) e o Autos Lobelle-Melide Fútbol Sala (12-0), que se disputaron na primeira xornada.

En canto ós equipos femini-

nos, a Selección Terra de Melide perdeu contra o Sobrado (2-3) e o Burela gañou ó Cidade das Burgas (2-1).

Respecto ás actividades paralelas programadas pola organización para os afeccionados, tiveron que anularse o curso de monitor deportivo e o clinic de adestradores debido a non completar o número de asistentes mínimo para a súa realización.

O que si se celebrou foi o curso de árbitro que, como as demais actividades, contaba co amparo da Federación Galega de Fútbol Sala.

Novoneyra fillo lembra a conexión do poeta con Melide na Feira do Libro



Uxío Novoneyra Rei durante o pregón da III Feira do Libro

A III Feira do Libro no Camiño tivo como pregoeiro a Uxío Novoneyra Rei. O fillo do coñecido como poeta do Courel -ao que este ano se adicou o Día das Letras Galegas-, rememorou a relación do seu pai con Melide. Así, referiuse ás “moitas veces que meu pai e eu paramos a merendar nestes xardíns de Melide, cando faciamos as viaxes de Compostela ao Courel, e nas que meu pai contaba sempre que Melide conserva a esencia de pobo labrego e íntegro coma

poucas vilas”.

Ademais doutras anécdotas, o fillo de Novoneyra recitou algúns dos poemas compostos por seu pai, facendo fincapé naqueles que falan de Melide como parada no Camiño de Santiago.

A concelleira de Cultura, Conchi Castro, citou palabras do propio Novoneyra nas que reivindicaba o poder dos libros “para soñar e adiantar o posible, para volver á orixe, contra a soidade do home, para alentar e para ser libres”.

As alegorías de ‘Santi’ visitan Melide ata o próximo día 15



As paisaxes predominan na obra de ‘Santi’

A obra de Gregorio Santiago Rodríguez Mas, máis coñecido no mundo pictórico como ‘Santi’, recalca en Melide para amosar o eclecticismo das súas creacións, que se poden contemplar dende comezos de mes ata o próximo día 15 no Edificio Multiusos. Entre as

obras que se poden contemplar hai varios cadros de Furelos, no contorno da ponte romana.

O pintor, xa falecido, desenvolveu o seu traballo en Venezuela, onde estivo emigrado. Tamén expuxo en distintas cidades europeas.

ESPECIAL XACOBEO 2010


Patrimonio inicia trámites para delimitar o Camiño

O mapa da zona protexida expoñeráse ata outubro

A Dirección Xeral de Patrimonio, dependente da Consellería de Cultura, acaba de comezar cos primeiros trámites para delimitar de xeito oficial o Camiño Francés -que está declarado Ben de Interese Cultural (BIC)- e o seu ámbito de protección ó longo dos doce concellos polos que discorre a ruta en territorio galego.

O obxectivo desta actuación, coa que se dá resposta á obriga establecida pola Lei 3/1996 de protección dos Camiños de Santiago de delimitar oficialmente a ruta principal -o chamado Camiño Francés-, é “garantir a mellor protección dos lugares, edificios e paraxes polos que discorre este Camiño”, segundo informaron dende a consellería de Cultura.

Patrimonio puxo a exposición pública dende o pasado 1 de setembro e ata o 31 de outubro o informe, mapas, planos e fotografías do trazado. A delimitación é igual á que manexaba o departamento da Xunta ata o de agora. Os interesados poderán consultar toda esta documentación nas dependencias de Patrimonio en Santiago de Compostela -nos edificios administrativos de San Caetano-, nos servizos de Patrimonio Cultural das provincias de Lugo e A Coruña



Mapa das zonas protexidas ó paso polo concello de Melide

e no Salón de Plenos do Concello de Melide.

Contéplanse dúas categorías de protección, a que corresponde á delimitación do BIC -que abarca as zonas máis próximas ó propio Camiño- e a chamada zona de respecto, que comprende a maior parte do territorio das aldeas polas que discorre a ruta.

Así, nos concellos da comarca da Terra de Melide, a zona de maior protección só abarca as aldeas de O Leboreiro, Furelos, Melide, Santa María de Melide, O Barreiro e Vitiriz, todas elas en territorio melidense.

A zona de respecto é moito máis ampla e, ademais de terreos das parroquias xa citadas, inclúe varios lugares de San Martiño de Oleiros, en Toques; O Meire, Moldes, San Cosme de Abeancos, Campos, San Cibrao, Castro e As Varelas, en Melide; e unha zona de Vimianzo, en Santiso.

A Xunta prevé que no mes de novembro poida avaliar as posibles alegacións presentadas para, posteriormente, levar a proposta de delimitación ó Consello da Xunta antes do remate de 2010, conforme explicaron os responsables de Cultura.

De peregrinos famosos e anécdotas variadas



Os xigantes de Sant Celoni no centro da imaxe

O Ano Santo está deixando nas retinas dos melidenses numerosas imaxes curiosas ligadas ó Camiño de Santiago. Os meses de xullo e agosto foron os de máis afluencia de peregrinos, como ocorre habitualmente. Todos traen unha historia particular que contar, desde os milleiros de camiñantes que ven na ruta un xeito de coñecer Galicia e buscar o seu rumbo na vida, ata os que demostran a súa vontade de superación a través desta aventura. É o caso dos membros da Fundación Deporte y Desafío, algúns deles invíditos ou en cadeira de rodas, que completaron o Camiño dende O Cebreiro durante o pasado mes de xullo.

Xa resultan típicas as imaxes de peregrinos a cabalo, pero nunca se vira unha expedición

de carruaxes, tirados por cabalos e burros, que levaban as súas propias casetas e que fixeron recordar as imaxes típicas do Rocío andaluz. Como tampouco a xigantes e cabezudos facendo o Camiño. A asociación Geganter de Sant Celoni de Barcelona chegaron a Melide cos seus bonecos, que foron recibidos polos cabezudos melidenses.

O pasado mes de agosto, as terras de Melide recibiron unha visita especial, a da Infanta Cristina, que percorreu acompañada da súa familia, os 28 quilómetros que separan as localidades de Pallas de Rei e Arzúa. Pese ás elevadas medidas de seguridade, a visita pasou case desapercibida para os veciños, que se enteraron da súa presenza polos medios de comunicación.

Récord de pernoctacións en Melide durante o verán

Se durante os primeiros seis meses do ano foran pouco máis de 8.000 os peregrinos que pernoctaran en Melide -sempre falando das instalacións habilitadas pola S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, como o albergue e as instalacións do Pazo de Congressos-, nos meses de xullo e agosto superouse esa cifra.

En concreto, ó longo do mes de xullo pasaron noite en Melide 4.117 camiñantes, segundo os datos facilitados polo Xacobeo. Esta cifra superouse en agosto, cando durmiron na vila 4.616 peregrinos. Deste

xeito, foron 8.733 os peregrinos que pernoctaron en Melide durante estes dous meses de verán.

Non obstante, esta cifra non dá idea de tódolos camiñantes que fixeron parada na vila, xa que moitos deles escolleron os albergues privados, pensións, hostais ou hoteis para o seu merecido descanso.

Responsables de varios establecementos hoteleiros confirmaron que tiveron que poñer o cartel de completo “moitos días”, sobre todo a semana previa ó 25 de xullo e na maioría dos días do mes de agosto.

Un recuncho do Camiño na comarca



A Capela de San Roque atrae as miradas de moitos camiñantes. Hainos que utilizan os xardíns que a rodean para durmir unha sesta despois do esforzo da etapa diaria e tamén quen os aproveita para alimentar ós animais, como é o caso da fotografía.

Tempos amargos para o Nós-mesmos

Santiago Prado Conde (Chago),
antropólogo



Un dos feitos que máis chama a atención neste ano é a gran masa de persoas que diariamente transcorren polas nosas terras co fin de achegarse á cidade de Compostela. Os medios de comunicación fan referencia constantemente aos máximos históricos de visitantes, o goberno destas terras do noroeste peninsular manifestan que todo é un éxito e eu, sen embargo, vivo con certa tristura o paso de tantas persoas. A miña amargura non se debe ao transcorrer de persoas diariamente, senón a aquilo que se lles oferta, a aquilo que se lles mostra, a meirande parte das veces por ausencia de oferta. As persoas pasan e o único que levan desta terra é unha experiencia persoal máis ou menos sobresaínte, coa maxia do que supón a espontaneidade.

Que ocorre coas nosas expresións culturais, con aquilo que nos identifica como singulares, diversos e quizais tamén diferenciados neste mundo global? As nosas peculiaridades pasan desapercibidas para a maioría dos visitantes, a non ser aqueles produtos que son utilizados como mercadorías constantemente. Un dos trazos que nos leva caracterizando dende fai xa unha boa morea de séculos é iso que denominamos lingua galega, loada, en xeiras que pouco teñen que ver coa actual, na vella Europa e bastante aldraxada incluso por persoas que a

utilizan na súa vida cotiá.

Nun dos actos relixiosos centrais celebrados no mes de agosto deste ano Xacobeo a lingua galega simplemente non estivo presente, non existiu, situouse na apocalipse que algúns, e perdóenme a expresión, desleigados proclaman ao querer situala nun espectro de escuridade que lembra máis ao que na nosa historia se deu en denominar Séculos Escuros que á época actual da globalización na que se eloxia e enxalza a diversidade como patrimonio da humanidade, como ben recolle unha institución pouco sospeitosa, a UNESCO.

O acto relixioso ao que me estou a referir é a misa oficiada para 12000 mozos no estadio de San Lázaro con motivo da Peregrinación e Encontro de mozos e mozas do ano 2010 que organizou a Igrexa Católica en Santiago de Compostela con motivo do ano no que nos atopamos e que a TVG retransmitiu en directo. A misa, á que lles podó dicir que non asistín e as informacións que teño recollidas da prensa galega do día seguinte ao acto, tivo un tempo para a lectura de textos, entre outros idiomas, en catalán, en éuscaro e en portugués, pero non en galego. Cando coñecín esta noticia por un dos xornais que estaba a ollar non podía dar crédito e realmente pensei que se trataba dun erro. Rapidamente púxenme á procura de

información e resultou ser certo, o galego non estivo presente, aínda que lles podó dicir que si estiveron galegos que usan a diario a lingua galega.

Pode ser que as autoridades presentes decidiran utilizar unicamente o portugués como representativo das dúas linguas co fin de non ser repetitivos; sen embargo, o que a min me suscita o ocorrido é que o galego estivo ausente nun acto oficial porque nesta misa se quixo mostrar que Santiago é un dos centro da hispanidade e neste lugar o único idioma propio existente é o español. Polo tanto, o noso idioma segue sendo aldraxado por nós mesmos nunha manifestación de tempos pretéritos, quizais nostáxicos para algúns, e continuará sendo loado fóra destas fronteiras, como en Boston, Irlanda, Rusia... entre outros lugares onde se pode estudar, respondendo a tempos presentes e seguramente futuros.

A nosa lingua, ou se queren algunhas persoas, para min non supón problema sempre que non se utilice perversamente, unha das nosas linguas, non se mostra cara os visitantes como peculiaridade, como diversidade no espazo común peninsular e europeo, como riqueza, nin incluso como “folclorismo”. Polo tanto, espero que entendan os meus queridos lectores un dos motivos da miña tristura ao paso de tanta xente.

Celebrouse a XIX Festa do Socio de Visantoña

Xosé Núñez López

Tal e como xa estaba anunciado, o pasado 22 de agosto tivo lugar no pazo de Vilar de Ferreiros, en Visantoña, a XIX Festa do Socio, coa solemnidade de anos anteriores.

Os actos culturais comezaron ás vinte horas, cun concerto musical a cargos dos alumnos da Escola de Música Eugenio Pazos Reyes de Visantoña, seguido polo enredo musical titulado ‘A Vaca Marela’, escenificado polos mesmos rapaces da escola de música. Este evento músico-cultural doulle paso a unha nova representación da obra de teatro ‘O rei da carballeira’, escenificado polo grupo de teatro afeccionado de Visantoña, ‘O Noso Lar’.

Todos estes actos lúdicos realizáronse nunha instalación provisional, ubicada nos xardíns do citado pazo de Vilar de Ferreiros, dada a bonanza do tempo nos días anteriores, aínda que tivemos que sopor tar unha chuvía, desas que chamamos “engana bobos”, que desluciu algo o espectáculo, ó que asistiu grande cantidade de público.

A continuación, tivo lugar a cea musical e de confraternidade nos salóns do pazo, que estaban a rebordar de socios e non socios, cun ambiente cheo de ledicia e fraternidade social, que durou ata altas horas da madrugada, contando cos rexedores municipais de Me-

lide e de Arzúa, que nos honraron coa súa presenza.

Sen embargo, este ano houbo ausencias moi sentidas por todos nós, como foi a do Director Perpetuo da Banda-Escola de Música de Visantoña, D. Eugenio Pazos Reyes, falecido recentemente, que puxo unha nota de loito tanto na súa familia como en todos nós, que sentimos moi profundamente a súa ausencia, como persoa e como grande impulsor da cultura musical na nosa comarca. Asimesmo, e tamén polo desgraciado motivo do seu pasamento en datas moi recentes, foi sentida a ausencia do músico máis veterano nestes in tress da nosa banda de música, Manuel Adán, un grande profesional, compañeiro excepcional dentro da agrupación e entusiasta da nosa banda de música.


Esperemos que a Xunta Directiva da Asociación Cultural Banda-Escola de Visantoña acade superar esta situación e teña a forza e enerxía suficientes para levar a bo termo as xestións co Concello de Santiso, para que a continuidade e estabilidade da Escola de Música deste municipio sexa un feito, nun mínimo espazo de tempo; cousa que desexamos e apoiamos incondicionalmente a meirande parte dos veciños, tanto de Santiso coma os de toda a bisbarra.

**ASETEM-CCA agasalla
ós seus socios cunha
memoria USB gratis**

Infórmate no 981506188

A pesca con flotador

Xavier Pazo Blanco, presidente
da Asociación de Troiteiros 'Río Furelos'



A pesca con flotador é o método máis utilizado polos pescadores europeos. Existen numerosas formas e son de materiais moi distintos. Corcho e plástico, redondos e alongados. Case tódolos peixes de auga doce poden ser pescados usando este método; ademais, o flotador é o tipo de indicador de picadas máis sensíbles dos inventados até hoxe.

A pesar de toda a gama de formas que teñen os flotadores, todos poden clasificarse dentro de dúas categorías funcionais; os que únicamente están unidos ao extremo inferior do sedal e os unidos aos extremos inferior e superior do mesmo sedal.

Pescar co flotador unido ao sedal só polo extremo inferior permite que o fio que se atopa entre a punta da caña e o flotador -e o cebo que se use-, non se vexa afectado polo vento ou

a corrente da superficie.

Cun flotador (normalmente de forma alongada) unido ao sedal tanto polo extremo inferior como polo superior mediante unhas bandas de silicona, poderase achegar o cebo ao fondo, incluso cando se pesque en augas profundas. O cebo moverase á mesma velocidade que a corrente teña no fondo, que non é a mesma nin tan rápida como a de superficie.

Para un bo lanzado a curta distancia, utilícese unha caña dunha soa mán e colóquese debaixo do brazo e dirixíndoa un pouco cara un lado, deixando que o sedal pase e pare pouco a pouco polas anillas (poñendo o dedo índice cerca do borde da bobina ou carrete) para que o aparello ou cebo non descenda bruscamente. Dirixir o lanzado sempre uns metros máis aló da zona des-

exada e, unha vez que o flotador estea no seu sitio, rebobinar pouco a pouco o sedal, pero temos que ter en conta que o sedal ten que quedar sumerxido e o flotador na posición desexada.

Para a pesca con flotador podemos usar plomos de distintos tamaños colocados entre 3 e 5 centímetros de separación.

Cun pouco de práctica pronto saberemos canto tempo tarda o flotador en situarse na zona desexada e en posición. Se un peixe pica notaremos como se funde e teremos que recoller rebobinando o sedal para sacalo. Ademais do lugar escollido para pescar, o secreto dos flotadores está en retelo con forza nas zonas de corrente, facendo que o cebo se mova sedutoramente corrente arriba. A pesca nas correntes ou augas rápidas é máis difícil pero moi efectiva.



Tfno./fax: 981 50 62 56
Rúa Galicia, 26 - 15800 MELIDE
(A Coruña)
e-mail: meligraf@empresagalega.eu

**CAL É O TEU
RECUNCHO FAVORITO
DOS CAMIÑOS DE
SANTIAGO
NA COMARCA?**

**Envíanos unha foto
e un comentario a**

info@asetem.com

Publicarémola no Cerne!

**ASETEM-CCA organiza
CURSO DE MANIPULADOR
DE ALIMENTOS**

**INSCRÍBASE no 981506188
ou en R/ Lino Sexto Sánchez, 2, Melide**

Parabéns

Dende Asetem-Cca queremos expresar os nosos mellores desexos a José Ramón Villamor, secretario da asociación e ó vogal Rodrigo Fernández,

polo comezo dunha nova etapa nas súas vidas. Agardamos que este sexa o inicio dunha longa xeira de éxitos persoais. Parabéns!

AVISOS E ACTOS - SETEMBRO

-domingo 12: celebración do San Caralampio en Melide. Consultar páxinas 13 e 14

-ata o mércores 15: exposición ‘Óleos y Alegorías’ do artista ‘Santi’. Na sala de exposicións do Multiusos de Melide (de luns a venres, de 17.00 a 21.00 horas)

-do xoves 16 ao martes 28: exposición do III Premio de Banda Deseñada ‘Castelao’. Na sala de exposicións do Multiusos de Melide.

-venres 17: carreira de vehículos históricos polas rúas de Melide. Consultar páxina 15.

-sábado 18: Rali de Galicia de vehículos históricos. Varios percorridos por Melide, Santiso, Toques e Sobrado. Consultar páxina 15

-mércores 22: remata o período para inscribirse no I encontro de Bolillos e Labores Artesanais de Melide.

-domingo 3 de outubro: I encontro de Bolillos e Labores Artesanais. Pazo de Congresos de Melide. Con exposicións, traballo en vivo, venda de materiais e traballos e sorteo de agasallos para participantes.

-do luns 4 de outubro ao venres 15: exposición itinerante sobre Rosalía de Castro. Na sala de exposicións do Multiusos de Melide.

LIÑAS DE AUTOBÚS

MELIDE - A CORUÑA De luns a venres: 9.30, 13.15, 17.00, 20.45, Sábados: 9.30, 13.15, 17.00, 20.45 Domingos e Festivos: 9.30, 17.00, 20.15, 20.45, 22.30	(período lectivo), 15.25, 17.50, 20.20 Sábados: 7.50, 10.15, 11.55, 15.25, 17.50 Domingos e festivos: 7.50, 11.55, 15.25, 17.50, 20.20
A CORUÑA - MELIDE De luns a Venres: 8.00, 11.30, 15.30, 19.00 Sábado: 8.00, 11.30, 15.30, 19.00 Domingos e Festivos: 8.00, 11.30, 15.30, 17.00, 19.00	MELIDE - LUGO De luns a venres: 7.55, 10.10, 11.55, 13.35, 16.05, 16.55, 19.25, 20.50, 21.50 (só venres lectivos) Sábados: 7.55, 11.55, 13.35, 16.55, 19.25 Domingos e festivos: 7.55, 11.55, 16.55, 19.25, 20.50
MELIDE - FERROL Sábados: 19.15 Domingos e Festivos: 19.15	TOQUES - MELIDE (Folladela-Fondevila) Luns a venres laborables: Saída de Fondevila: 10.20 Saída de Melide: 12.30 Domingos excepto último de mes: Saída de Fondevila: 8.15 e 11.00 Saída de Melide: 13.00 Último domingo de mes: Saída de Fondevila: 7.45 Saída de Melide: 13.00 e 14.00
FERROL - MELIDE Sábados:10.30 Domingos e festivos: 17.00	MELIDE - TOQUES (Fondevila-Folladela) Martes e venres laborables: Saída de Folladela: 8.30 Saída de Melide:12.30 Domingos, excepto último de mes: Folladela: 8.40 Saída de Melide 13.00 Último domingo de mes: Saída de Folladela: 8.30 Saída de Melide: 13.00 e 14.00
MELIDE - OURENSE De luns a venres: 9.30, 12.30, 17.00, 20.00 Sábados: 9.30, 12.30, 17.00, 20.00 Domingos e festivos: 9.30, 12.30, 17.00, 19.00, 20.00	
OURENSE - MELIDE De luns a venres: 8.00, 12.00, 15.30, 19.15 Sábados: 8.00, 12.00, 15.30, 18.00, 19,15 Domingos e Festivos: 9.30, 15.30, 18.00, 19.15, 21.00	
MELIDE - SANTIAGO De luns a venres: 6.45, 7.50, 10.15, 11.55, 14.05, 14.40	

TELÉFONOS DE INTERESE

URXENCIAS		SERVIZOS E INSTITUCIÓNS			
UrxenciasSanitarias	061	Atención ao cidadán	981120012	A.S.E.T.E.M-CCA	981506188
Bombeiros	080	Valedor do pobo	981571900	I.E.S. de Melide	981505162
Incendios Forestais	085	Economía facenda	981545151	C.E.I.P nº1	981505238
Policía Municipal		Industria e Comercio	981544341	C.E.I.P nº2	981505929
Urxencias	092	Sevizo Galego Colocación	981125000	Gardería	981505003
Melide	981505003	Teléfono da Muller	900400273	U.A.F. de Melide	981507742
Policía Nacional	091	Teléfono do Menor	900444222		
Garda Civil		Dirección Xeral de Tráfico	900125505	SANTISO	
Urxencias	062	Correos	902197197	Casa do Concello	981818501
Melide	981505007	Auga	981242322	Centro de Saúde	
S.O.S		Electricidade	981147200	Agrochao	981517803
S.O.S Galicia	112	Gas.	900760760	Visantoña	981510749
Protec.Civil.	670498848			Xulgado de Paz	981 818501
TRANSPORTES		MELIDE			
RENFE		Casa do Concello	981505003	SOBRADO	
Nacional	902240202	Centro de Saúde	981506176	Casa do Concello	981787508
Santiago	981596050	Servizos Sociais	981505012	Desenvolvemento local	981787508
Autobuses		Consevatorio	981507100	Centro de Saúde	981787744
A Coruña	981239099	Polideportivo	981507752	Mosteiro de Sobrado	981787509
Santiago	981542416	Centro Social da 3ª Idade	981505706	Xulgado de Paz	981787508
Aeroportos		Parada de Taxis	981505390		
A Coruña.	981187200	Oficina de emprego	981505204	TOQUES	
Santiago	981547500	Albergue Xuvenil	981507412	Casa do Concello	981505826
Vigo	986268200	Albergue do Peregrino	660396822	Centro de Saúde	981507301
		Centro Ocupacional	981505003	Xulgado de Paz	981505826

AGUSTÍN GÓNGORA, SANOGUERA

“No subcontratamos los reportajes al ser un trabajo de gran responsabilidad”

Chegaron hai tres anos de Barcelona e, animados por algúns coñecidos, decidiron montar un estudio de fotografía. Unha empresa que ofrece servizos novidosos relacionados coa fotografía, a arte e o deseño. Recoñecen que os comezos foron duros, pero pasados dous anos e medio dende a

apertura da tenda, Agustín e Rebeca Ponte din sentirse “muy arropados y queridos en Melide”. A súa filosofía é primar a calidade en tódolos seus traballos e ofrecer seriedade aos clientes. Con 15 anos de experiencia, Góngora valora que os clientes lle pidan consello e se deixen asesorar.

-Chegastes a Melide case por azar e xa levades máis de dous anos coa tenda en marcha

-Llegamos de Barcelona atraídos por unha vivienda y poco después montamos el estudio. Al principio fue duro, porque no conocíamos a nadie y hubo que empezar de cero y hacer inversiones. Estamos muy contentos porque la gente nos ha acogido muy bien.

-Facedes todo tipo de traballos relacionados coa fotografía, a arte e o deseño

-Desde reportajes de celebraciones, fotos carnet y de estudio, retoque fotográfico, revelado, enmarcado, collages, venta de obras de arte, regalo de empresa hasta diseño de folletos publicitarios o catálogos. Mi especialidad son las fotografías panorámicas.

-Unha norma básica no seu traballo é asistir a tódalas reportaxes

-Siempre voy yo a todos los actos y en las bodas vamos dos personas. Este tipo de celebraciones son muy importantes para todas la gente, es un día único en el que tiene que salir todo perfecto. Aunque haya hecho muchos reportajes siempre hay que estar alerta. No hay posibilidad de repetir una escena. Es una gran responsabilidad, por eso no quiero subcontratar los reportajes.

-Esta condición xa lle obrigou a deixar de facer moitos traballos

-Para mi los reportajes son sagrados y prefiero decir que no a contratar gente extra. Así tenemos contratados trabajos con muchos meses de antelación. A día de hoy ya tenemos



Agustín Góngora asegura que a competencia é boa para mellorar a calidade

bodas para 2011.

-Está baixando o traballo por mor da crise?

-Un poco sí que se nota, pero por suerte no afecta a los reportajes fotográficos. Hemos tenido más que el año pasado.

-A promoción é fundamental

-Si, hacemos campañas a través de internet, publicidad en revistas especializadas y acudimos a Salón Nupcial BEC, una feria especializada en bodas que se celebra en Santiago el 20 y 21 de noviembre.

-Cal é a vosa área de traballo?

-Trabajamos por toda Galicia y el resto de España. Estamos muy bien situados desde Melide y decidimos expandir el

área de trabajo para darnos a conocer por toda Galicia. Este año hemos hecho bodas en A Coruña, Vigo, Pontevedra y Ourense.

-Agora mesmo teñen unha promoción para a reportaxe nupcial

-Hacemos el álbum de la boda y regalamos un DVD de recuerdo con todas las imágenes de la boda y otro con las fotos en alta resolución, para poder hacer las copias. Son unas 500 fotos de media. Todo esto a partir de 1.280 euros.

-As tarifas dos bautizos e comunións tamén inclúen o DVD de recordo

-Si, porque en los álbums sólo va el 40% de las fotos de un reportaje. Queda muy bonito y a la gente le suele gustar mucho.

Hacemos bautizos a partir de 395 euros y comuniones desde 480. Creo que son tarifas muy razonables, que incluyen sesión de estudio y reportaje en la iglesia, de lo que salen una media de 250 fotos.

-Que se leva na impresión de fotos?

-Ahora trabajamos mucho la fotografía en tela a partir de imágenes analógicas o digitales y la impresión sobre pizarra gallega. Son cosas distintas a la tradicional foto enmarcada que están funcionando muy bien.

-Restauran fotografías antigas?

-Es una de los trabajos que más hacemos. Llevo muchos años con en ello y reproducimos casi cualquier foto.

“Ofrecemos un servicio integral de creación de páginas web, al hacer el diseño y las fotos”

“Dedidimos expandir el área de trabajo al estar muy bien ubicados en Melide”

-Suplen a ausencia de celebracións no inverno co deseño de páxinas web

-De abril a septiembre nos dedicamos totalmente a los reportajes y en invierno más a bautizos y páginas web. En lo referente a arte -de lo que se encarga Rebeca Ponte- en invierno se desarrollan proyectos para festivales y exposiciones.

-Canto custa poñer en marcha unha web?

-Hacemos páginas sencillas a partir de 300 euros. Ofrecemos un servicio integral, porque además del diseño también hacemos todas las fotografías necesarias. El cliente no tiene que preocuparse de contratar a nadie más. También trabajamos el posicionamiento en buscadores.

A Ponte das Penas



1



2



3

Cinco grandes rochas milenarias ven pasar día tras día a centos de peregrinos que camiñan ansiosos cara a Santiago. A Ponte das Penas, na parroquia de Santa María de Melide, salva o río Catasol. Moitos dos que

pasan por alí renuncian a utilizala para o que foi deseñada e non dubidan en probar as frescas augas do río. Mais o que ningún deles deixa de facer é admirar a súa singularidade. Por iso non é estraño que sexa un dos

lugares máis retratados dos últimos pasos do Camiño por terras melideneses.

Non é moita a información documentada sobre a curiosa ponte, pero si son numerosas as fotografías e comentarios na

rede dos que descubren esta característica paisaxe, á que se chega logo de atravesar un frondoso monte. Non hai ninguén quen non quede abraiado pola beleza do lugar, que desprende infinita tranquilidade.

1. Vista xeral da Ponte das Penas.

2. Tramo do Camiño antes de chegar á ponte.

3. A Ponte das Penas salva o río Catasol.

San Roque 2010

